

D.^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Alcaldía, con data de 10 de abril de 2023, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL. D. PEDRO TOMÁS DÍAZ RODRÍGUEZ. EXPED. 2023/X999/000221

EXPEDIENTE: 2023/G003/000441

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía de 13 de setembro de 2012 (res 645/12), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos nichos e panteóns do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da alcaldía de 05/03/2012, quedaron libres os nichos que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da alcaldía de 15 de marzo de 2012 (res 163/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VII do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do concello de Teo.

Considerando que no día da data, 10 de abril de 2023, presentouse a solicitude dun nicho no cemiterio municipal por D. Pedro Tomás Díaz Rodríguez (rex. entrada nº 1436, de 10/04/2023).

Considerando que, segundo manifesta o interesado, a necesidade de dispor de forma inmediata dun nicho no cemiterio municipal responde a que o falecemento da súa nai tivo lugar o día 9 de abril de 2023, téndose previsto proceder a darlle sepultura no día de hoxe.

Considerando que a persona interesada aportou, xunto coa solicitude, a demais documentación esixida ao efecto, agás a acreditación da constitución da garantía e os certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias do Estado e da Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, non podendo esperar a persoa interesada, tratándose dos certificados citados, á súa obtención, para que lle sexa adxudicado o nicho, polas circunstancias concorrentes, comprometéndose en todo caso a solicitalos e aportalos ao Concello á maior brevidade posible, así como a acreditar a constitución da garantía definitiva.

Considerando que o interesado, na documentación presentada, acreditou o aboamento de 1.320 €, que se corresponden co importe das tarifas de concesión dun nicho (1.250 €), co importe da licenza de apertura e inhumación (60 €) e co importe anual de vixilancia e conservación (10 €).

Vista a proposta de asignación concreta de nichos e panteóns, do 10 de abril de 2023, incorporada ao expediente.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar a concesión do uso privativo do nicho 48 A do bloque 2 a D. Pedro Tomás Díaz Rodríguez, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía do 15 de marzo de 2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

Segundo.- Notificar o presente á persoa interesada, con sinalamento dos recursos procedentes, lembrándolle a obriga de aportar, á maior brevidade posible, os certificados de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias do Estado e da Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, así como a acreditación da constitución da garantía por importe de 35,80 €.

Terceiro.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral

Vº e praxe

O alcalde

Virginia Fraga Díaz

Rafael C. Sisto Edreira